

## OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025

Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a)

### 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

#### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. No sistema de "Promoción Interna Temporal", se un traballador estatutario fixo accede a unha praza de categoría superior de xeito temporal, que ocorre coa súa praza de orixe?**

- A) Queda vacante e pérdea definitivamente.
- B) Mantén a reserva da súa praza de orixe mentres dure a promoción temporal.
- C) Pasa a situación de excedencia voluntaria automática.
- D) Só se lle reserva a praza se a promoción dura menos de seis meses.

**2. É un deber dos usuarios do sistema sanitario público:**

- A) Elixir libremente o médico de cabeceira.
- B) Recibir información sobre os riscos dos tratamentos.
- C) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade dos centros.
- D) Ser informados dos custos do seu proceso asistencial.

**3. O consentimento informado, segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, debe prestarse como regra xeral:**

- A) Sempre por escrito.
- B) De forma verbal, deixando constancia na historia clínica.
- C) Mediante testemuñas.
- D) Só por representación.

**4. O Parlamento de Galicia está composto por deputados elixidos mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Cal é a circunscrición electoral?**

- A) O municipio.
- B) A comarca.
- C) A provincia.
- D) Galicia como circunscrición única.

**5. Segundo o artigo 43 da Constitución, que compete aos poderes públicos en relación coa saúde?**

- A) Garantir a gratuidade de todos os servizos farmacéuticos.
- B) Organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e prestacións.
- C) Obrigar á vacinación a toda a poboación.
- D) Xestionar directamente todos os hospitais privados.

**6. O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) defínese legalmente como:**

- A) Un organismo autónomo de carácter administrativo.
- B) Unha empresa pública suxeita ao dereito privado.
- C) Un ente público de natureza asociativa.
- D) Un organismo autónomo de natureza comercial e carácter asistencial.

**7. Na Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes., o consentimento por substitución outorgarase cando:**

- A) O paciente teña máis de 65 anos.
- B) Cando o paciente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións, por criterio do médico responsable da asistencia.
- C) O paciente sexa un "menor maduro".
- D) O tratamento sexa de baixo risco.

**8. O persoal estatutario que sexa nomeado para un cargo político con rango de Director Xeral deberá ser declarado na situación de:**

- A) Servizos especiais.
- B) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- C) Suspensión de funcións.
- D) Servizo activo con reserva de praza.

**9. A que órgano lle correspónde, dentro das competencias sanitarias da Administración autonómica, a aprobación do Plan de saúde de Galicia?**

- A) Ao Parlamento de Galicia.
- B) Ao Consello de la Xunta de Galicia.
- C) Á persoa titular da Consellería de Sanidade.
- D) Ao Director Xeral do Servizo Galego de Saúde.

**10. Que colectivos poden beneficiarse de atención psicolóxica segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero?**

- A) Só a vítima directa.
- B) Vítima e agresor.
- C) Vítima, fillos/as e persoas dependentes ao seu cargo
- D) Só menores

11. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Cal dos seguintes non é un principio reitor do sistema público de saúde de Galicia?

- A) A universalidade do dereito aos servizos e prestacións de cobertura pública.
- B) A promoción da equidade e do equilibrio territorial no acceso ás prestacións.
- C) A xestión orientada á obtención de resultados.
- D) A promoción do uso racional do Sistema Público de Saúde de Galicia.

12. Cal é a idade máxima para poder participar nun proceso de selección de persoal estatutario no SERGAS?

- A) 65 anos, sen excepcións.
- B) Non ter cumprida a idade de xubilación forzosa.
- C) 70 anos, se o aspirante solicita a prórroga.
- D) Non existe límite de idade.





